


1000

Núm. 59

15-1-28



nós

CASTELLÀS

# nós.

BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará más orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Clamor na encrucillada, por F. BOUZA BREY.  
A eirexa de Santa Eufemia d'Ambía, por M. GÓMEZ MORENO.  
A eirexa de Santa María de Mixós e as suas aras romanas, por FERMÍN BOUZA BREY, M. FUENTES CANAL e XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ OXEA.  
Por terras orientais, Cartas de AVELINO GÓMEZ LEDO.  
Catálogo dos Castros Galegos, da Sezón de Prehistoria do S. E. G.  
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, POLA REDAUCIÓN.

Reloxería ZENTH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Dicente Risco

Abogado

Sanxo Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X ★ Ourense 15 de Santos de 1928 ★ Núm. 59

## CLAMOR NA ENCRUCILLADA

*No anal de Amado Carballo*

Catei ollos verdegados  
sob dos piñeiro  
—hei medo!—  
de ramallos arrepiados,  
cachoupos arregañados...  
arregañados....

No trivium ispiuse a Lúa  
de estrelas novas  
—hei medo!—  
ó saber da morte túa.  
E a mendiña ficou núa...  
ficou núa... núa...

Pé de cruceiro atravesa  
a Santa Compañía.  
—Hei medo!—  
Entregaimos a facha alcesa,  
Poeta, que a vida pesa.  
Convosco xa non hei medo!

F. BOUZA BREY.

## A Eirexa de Santa Eufemia d'Ambía

Os achádegos d'eirexas galegas, anteriores á implantación da arquitectura románica en Sant'Iago, con éxito tan soberán, van cundindo, por sorte, e ainda caxeque ó azar, de modo que agora poderánse engadir tres ou catro mais, ben curiosas. Mais esta sorte xustificase razonablemente como premeo ó esforzo laborioso d'un grupiño de galegos cultos, que sacrifican o seu tempo, os seus meios e ainda o positivo do seu porvir, en ben da arqueoloxía patria, asegún pr'os lectores de NÓS é ben notorio. Colaborando agora co-iles cumpro un deber, e escribindo



INTERIOR DA ERMIDA DE SANTA EUFEMIA DE AMBÍA CO QUE SUBSISTE DOS ARCOS ENTRE AS CAPELAS OUSIDAES

estas liñas satisfago un desexo ben gustosamente.

No outono derradeiro, tres ou catro artistas, entusiastas e ben preparados, percorrian toda España preparando un dos proiectos mais xurdios da futura Exposición internacional de Barcelona. Trataban de se documentaren sobre as nosas arquitecturas rexionás; así chegaron á aldeia de Santa Eufemia d'Ambía e estudaban unha casa, cando se viron sorprendidos pol-o aspecto da sua hermita, que lles evocou trazas d'antigüidade ben estranos; trataron de reproducila, mais caía o serán e non poideron

obter mais que un borrón fotográfico e un apunte. A descuberta estaba feita; o señor Utrillo comunicábamo en Barcelona denantes de rematar o ano; trasmisín a nova ós amigos d'Ourense e xuntos, nun belo día do mes de Xullo derradeiro, poidémonos recrear co-a vista.

É probábel que a eirexa de San Salvador e Santa Eufemia sobr'a Arnoya tefiña a sua documentación, e cecais publicada; mais non intento tan xiquera buscalo. Non é monografía, senón impresións de arte o que agora trazamos. De antigüidade ali queda un testemuño, no soporte da gran pedra do seu altar, que é unha ara romana volta do rivés co seu remate superior de molduras por base, e un letreiro que díz:

AVRELIVS  
FLAVS  
TANITACMV  
NYMPHIS  
EX VOTO

A sua lectura, difícele na terceira liña, semella segura, non obstante ser descoñeci-



VENTANA DA CAPELA OUSIDAL CENTRAL DE SANTA EUFEMIA DE AMBÍA

do por ali, ainda na sua radical, o nome xentilicio que, asegún probabilidades n-ela se consigna. Somentes resultan semellantes o *Dannotalis* d'unha inscripción d'Alisia, en Borgoña, *Tannataliknoi*, n-outra de Novara, e unha posibele *Tannitalis*, muller leonesa, quedando incerto si é nome céltigo ou ligure: millor o primeiro.

Da eirexa mesma quedan dous preciosos testimoios en pedras labradas que s'ostentarian ós lados da sua porta, e agora están, unha servindo d'apoio a un canasto e a outra na parede d'unha casa. Teñen respectivamente 102 X 43 e 77 X 55 cmts. de superficie e 18 de grosor; son de pedra de grá e levan istes letreiros grabados de bulto:

+ SCI SAL  
— VATORISSC

+ SCE E  
VFEMIE

O altor das letras chega a 17 cmts. e a sua paleografía obedece con seguranza a infruxos mozárabes, car'o séculos X: a forma do T é definitiva pr'aseguralo.


Tocantes ó edifizo, tivo que sofrir gran mingoa en tempo relativamente moderno; subsiste do primitivo o testeiro e parte, ó menos, do lenzo meridional, conformándose elo co dato tirado das inscripcións devanditas, pra clasificalo coma obra do século X, anterior se cadra ós de Celanova e San Martiño de Pazó, e tamén con infruxo mozárabe ben ostensible, dentro da sua rudeza. É pequeno: o seu anchor por adentro non pasa de sete metros, distribuído en tres naves, das que a central excede somentes en 16 centímetros, ás suas colaterás, e formarian a cabaceira tres capelas abovedadas en sainete a central e co-a sua dobre ventaniña cada unha.

Por afora o aparello ousérvase limpo, feito con sillares de grá moi desiguás, axustados coidadosamente, grandes e pequenos, e

moitas veces en corte d'escuadra, o mesmo que s'ouserva no recinto de Lugo, por exemplo xunto á porta Nova e n-outros edifizos perto do século X. O grosor dos muros apenas chega a meio metro, e as fendas do testeiro deben vir da sua flebeza pra aguantaren o empuxe das voutas de cañón, cujos restos na capela mórl parecen ainda visíbeles, sobre unha moldura da cornisa, e outras, de simple filete habían servir d'imposta ás colaterais. Un arranque de pilar pegado ó muro do meiodía, marca ceais o lindeiro das capelas, quedando o demais perdido por derribo dos muros e arcos divisorios; mais, tocando no testeiro subsiste boa parte de dous arquitos que abrian comunicación antr'as capelas caso único, que eu seipa. Iste arcos son de ferradura, moi acentuada, compostos de poucas doelas e arrancando sobre impostas, moi con perfil de



FENESTRA DA CAPELA DO  
LADO DO EVANXEO.



PRANTA DA EIREXA DE SANTA EUFEMIA  
D'AMBÍA

gorxa ou peito de pomba ben resaltadas e revolto; o alto das xambas soilo chega hoxe a 1'15 metros; e si, como semella, non medían mais de 80 cmts. d'anchor istes arcos, o seu peralte tivo que chegar ó semirradio.

O mais chamativo e curioso do edifizo son as fenestras dispostas coma cousa do 1'50 metros sobr'o pavimento, formando parexes d'arquiños de ferradura moi desenrolada en duas d'elas, com'as do Mosteiro d'Eiré, e compretamente pechadas en circulo cos seus respeitivos rectángulos calados debaixo, na colateral da epístola. Ela e a sua compañeira compónfense de duas pezas de grá, unha riba da outra; mais na central hai duas xambas lisas e unha pilastra, coma sostés soltos da outra pedra, onde van abertos os arcos, antre adornos de estrías, unha parexiña d'outros arquiños de ferradura cegos, arquivoltas sogueadas e, por remate medial dous tallos curvos, exactamente como nas fenes- tras da nave alta de S. Salvador de Valde- diós n-Asturias, salvo non ter alfiz estas de Santa Eufemia; mais é analoxia valiosa que atrai proximidade de datas: S. Salvador sá- bese que foi consagrado en 893. Por riba d'esta fenestra, ábrese outra, pequena e rec- tangular. A colateral do lado do evanxeo decórarse con estrías e algo de adorno, do mesmo feito da central; en troques a oposta é compretamente lisa. N-Asturias non son raras as fenestras d'unha peza, con moito adorno; correspondentes á edificios xa desa- parecidos moitas d'elas; eiquí en Galiza re- sultan, pol-o d'hoxe, estas de Santa Eufemia as mais galanas, e tras d'elas vénse as xun- tar a de San Xohan de Camba, conservada no Museu d'Ourense. As fotografías adxun- tas darán ideia do seu aspeuto. E abonda como avance pr'o estudo do moimento que abre agora unha serie nova en Galiza.

M. GOMEZ MORENO.

(Trad. de R.)

Arrinconado riba da tarima que sirve de cuberta ó altar da capela de Santa Eufemia i-emporcallado de poeira topamos unha curiosa imaxen de Cristo crucificado valiosa

mostra da arte popular no século XII e cujo fotogramado pubricamos na páxina 215.

A escultura está moi maltratada; háchase hoxe arredada da cruz, que se perdeu, e ten unha grande mutilación no brazo direito e outra menos importante no pé esquierdo.

Pol-a factura, de un arcaísmo sorprendente, ten grandes somellanzas co cristo de marfín que pertenceu a El rei Fernando I e que se garda no Museu Arqueolóxico de Madridre. O sainete dos peitos, a talla ruda das costelas, todas elas paralelas, i-o agudo do arco que forma o hoco intercostal baixo do esternón, son de un grande parecido nas duas esculturas. Un detalle carauterístico do Cristo de Santa Eufemia é a colocazón da faldra marcando pra baixo a curvatura do ventre.

Non embargante hai unha grande diferen-  
cia entre ista imaxen i-as análogas coñecidas en Galicia da sua época, incluso co Cristo da Capela da Asunción da Catedral de Ourense. A rudeza da escultura de Santa Eufemia faiña grandemente intresante e ce-  
cais esto a faga parecer como o mais arcaico de todolos crucifixos románicos da nosa te-  
rra. Somentes por esto merecería un pouco de atención e de mellor coido do que ate ho-  
xe tivo.

X-R.F.



Pida a su Administración.

# ROMANCES GALEGOS

por

E. BLANCO AMOR

Prezo 4 pesetas.

Xa no prelo o DICCIONARIO  
de D. Eladio Rodríguez González,  
rogamos ós nosos leñores que de-  
sexen suscribirse nol-o comuni-  
quen axiña



# A EIREXA DE SANTA MARÍA DE MIXÓS E AS SUAS ARAS ROMANAS

TRABALLO PRESENTADO NO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS  
POL OS SOCIOS, SEÑORES:

D. FERMIN BOUZA BREY, D. MANUEL FONTES CANAL, E D. XOXÉ RAMÓN E FERNANDEZ OXEA

**A** intensa e fértil campaña desenrolada iste vran pol-a Comisión de Catalogazón de Moimentos do «Seminario de Estudos Galegos» tivo un feliz coroamento co hachádego da interesantísima eirexa de Santa María de Mixós, levado á cabo por nós nos primeiros días do pasado mes de Septembro.

Dada a proisimidade á que o lugar de Mixós se atopa da vila de Verin —da que o arredan uns catro kilómetros pol-a estrada de Laza— faise raro que tan curioso edifizo teña pasado ata hoxe sin que da sua existencia se decataran os investigadores nin os turistas. Cecais ésto teña dimanado de que a estrada é de feitura recente e ainda non chega á Laza, pol-o que hai que desbotar a perspectiva de un longo viaxe de recreio; ou tamén poidera influir niste silencio en que ten estado a eirexa de Mixós o feito de atoparse agarimada e protexida pol-as casas aldeás, como si elas houberan sido as únicas que se diran conta do seu valer e a quixeran gardar pra si avaras do tesouro.

A pequena aldeña de Mixós tén ademirabil emplazamento. Deitada nunha ladeira de Monterrei, somella descansar ó coido do sonado castelo namentres axexa a vizosa

campia do val dionisiaco que diante d'ela se desenrola co prestixio antigo das cepas sœulares queimadas ó sol. O río Támega, que devala os seus pés, inda pon no engado da paisaxe unha leda nota de poesía.

Mixós tivo parroquia baixo a advocación de Nosa Señora das Virtudes deica o arranxo parroquial do ano de 1896 no que pasou á ser anexo da veciña de San Mamede de Estevesiños á que hoxe pertence.




Fig. 1.—Pranta da Eirexa de Mixós

No «Libro de bautizados da Nosa Señora das Virtudes do lugar de Mixós» correspondente ó ano de 1715, atopamos a descripción detallada da demarcación parroquial que di:

«La demarcación de la parroquia y coto de Mijós empieza por el marco que llaman de Valde-Mel y divide el término de Pazos y

Mijós y de allí va derecho a la Lucenza que va a dar en las Piedras Prietas y a la Hermita de San Salvador de Uzeira y de allí va por el Camino viejo del carro derecho al Picoto y a la Peña de Mijós que se dice Pena das Cruzas y de allí al Marco de Piedra Chantada y o Marco de Castiñeiriño y a la Piedra o Padrón de Vilela, que está pegado en el río, se vuelve a dar derecho en el marco que está debajo de la casa de Juan de Alanis y de allí va derecho al marco de la fuente *quiquiñas* que ahora llaman *quíriquinas* y al Marco de Valde-Mel en donde empezó.» (1)

En balde tratamos de atopar a proba documental da data de fundazón de esta eirexa; todal-as nosas xestiós foron inuteis e sômentes podemos acadar algúns testimoios que fan referencia á sua grande antigüidade.

O lugar de Mixós foi donado á Celanova pol-o rey Alfonso VII asegún carta de Valladolid de 4 de Febreiro do ano 1155, como consta na relazón dos territorios dados á Celanova polos Reis, basada nunha nota do Abade do dito mosteiro dada no ano 1834 e publicada pol-o Sr. Fernández Alonso, a cal dí: «Y en tierra de Varonceli Santa María de Verín con su villa y Mijos» (sic.) «et aliam ecclesiam de Palaciolo et mitra de Varoncelli. Santa María de Verín cum sua villa Moxous.» (2) Esta donación foi mais tarde confirmada por Fernando III o Santo.

No século XIV ainda debía existir o mosteiro de Mixós por canto no ano de 1366 «a petición de Juan Pérez, monje no overcal de Mijoos» (3) trasladouse a carta de poblazón da vila de Verín.

Poucas son as notizas que nos da o P. Yépes, referentes á situación i-estado en que se atopaba a eirexa; e non fai senón decirnos ó que a tradición local señala como antigo acougo de freilas dependentes da ilustre causa celanovense. Dí o erudito fraude:

«Santa María de Mijós fué monasterio an-

(1) Primeiro folio v. A demarcación remata. Ano de 1584. Véase el Archivo de Celanova.

(2) Benito Fernández Alonso. «Documentos históricos. Testimonio de un privilegio de D. Fernando III el Santo confirmado otoño de D. Alfonso VII el Emperador por el que se donan varios lugares al monasterio de Celanova». *Bol. de la Com. Provin. de Mon. Hist. y Art. de Orense*, Núm. 7 Marzo de 1999.

(3) Arturo Vázquez Núñez. *Bol. de la Com. Provin. de Mon. Hist. y Art. de Orense*, T.º I, Núm. 14, Maio de 1900.

tiguo de monjas de San Benito que estaba como media legua de la villa de Verín y en las reliquias que hoy día se ven de los edificios y en la traza y antigüedad de la iglesia, sus




Fig. 2.—Sección lonxitudinal do ousto da esquerda

capillas y coro alto y bajo y otros vestigios que se conservan de aquel tiempo dan muestras de que hubo allí un monasterio en tiempos pasados en los cuales por una bula del papa Honorio se anexó a Celanova.» (1) E segue falando do culto á unha imaxe do crucificado e á virxe titular.

A falla de documentación referente á data da fundazón da eirexa de Santa María de Mixós, fai que teñamos que recurrir ós datos que nos poida proporcionar a feitura do edificio cos seus escasos elementos decorativos os que, de seguro, nos darán algúna luz que contribuirá á deixar en claro esta incógnita.

Vexamos o que nos dí a eirexa de Mixós.

\* \* \*

Actualmente presenta o edifizo duas partes claramente distintas: a cabeceira, que é o que resta da primitiva eirexa, i-o corpo da nave, de época moi más moderna (fig. 1).

A cabeceira da eirexa está formada por

(1) R. P. Fr. Antonio Yépes. «Crónica General de la Orden de San Benito». T.º I, L.º 30.

tres ousos de planta cadrada por fora e redondos con lixeira tendenza à ferradura, no interior. Os tres ousos están cubertos por bóvedas de cañón rematadas por un carto de esfera, (fig. 2) sin mais abertura ó exterior que unha estreita fiestra, a cal está aberta tan só no ouso da Epistola. Baixo a central aparece grabada na pedra unha pequena cruz de Malta na banda de fora.

Entre o ouso central e o do lado da Epístola, subsiste o arranque de un arco, claro indizo de que a primitiva eirexa foi unha pe-

curva reentra. (fig. 4) Os tres arcos están retraídos respecto da imposta na que se apoian e os seus diámetros son un pouco maiores do que a abertura de entre as xambas. Todos istes detalles do trazado dos arcos son característicos das construzóns visigóticas e dan idea da antigüidade de iste edifizo.

A planta, pol-a contra, cos seus tres ousos na misma liña da cabeceira e pol-a sua forma cadrada por fora e redonda por dentro é unha cousa desusada nos templos visigodos.

Ben sabido é que a disposición de unha ei-




Fig. 3.—Arcos ousidaes da eirexa

quena basílica de tres naves de cortas dimensións, pois o ancho total da eirexa é de pouco mais de sete metros (fig. 3).

Servindo de base ás pedras de altar das capelas central e do Evanxeo hay duas aras romanas das que nos ocuparemos ó final de iste traballo.

Os arcos que abren os ousos son ultrase-micirculares con tendenza à ferradura prolongando a sua curva, os laterais, n'un tercio do radio, e o central en dous quintos; de iles un quinto é de peralte e no outro quinto a

eirexa con un ou con tres ousos responde ás advocacóns que aquela tefía. Nos primeiros tempos do cristianismo cada templo tiña unha soia advocación cuio altar colocábase no único ouso situado na cabeceira da eirexa. Non conechemos ningunha eirexa, das tidas por visigodas, que non adopte esta disposición. A basílica de Segóbriga coa sua enorme cabeceira i-as suas tres naves ten un soio ouso e no mesmo caso está a basílica de Manacor.

*(Rematará no número próximo).*



# POR TERRAS ORIENTALS



(CARTAS ENCOL DA MIÑA PILINGRINAXE)

I

Xénova



Cumpro o meu ofrecio esquibindoche istas liñas nas que recoollo as impresións anotadas denantes no meu *carnet* de viaxe. Non coídes que vas ler cousas outisimas: as miñas son intrascendentais, que eu son inimigo das filosofías de «a cadela» e das outras se son amigo (ti ben sabes canto ademiro os bós filósofos) non quer dicir que eu me creia capaz de mrañalas.

Moitas ganas tiña de facer iste viaxe, en particular, pol-a Terra Santa, seguindo o exemplo d'aquela virxe galega santa Ethernaria, a que nos deixou un tan curioso *Itinerarium* que calquera dia hei de tradocir á nosa língua, se Deus m'axuda; mais co-as ganas non chegaba endexamais, hastra que a Providenza compadecida de miñ facilitoumo n'unha forma dina de pôr cubiza on principio.

Xa se me facía lonxano o día da partida e solasmente fallaban oito días pra partir. O meu temperamento bulía d'eiquí pr'aculá movido pol-a ideia fixa do viaxe. O meu célebre polarizado fervía e de tanto fervor seica foi producida aquela dôr de cabeza co-a que amafiecin o mesmo día tan desexado. Arranxei as maletas, pidin un taxi por teléfono e no intre que as acomodaba n'il dixenlle ó chofer sen darmo conta;

—À Terra Santa!

Fitoume moi dispacio c'unha surrisa que me deu ben que pensar e vendo que non botaba pra adiante berrei:

—Imos ou non imos?

—Onde, señor.

—Pois á Estazón.

Namentres atravesaba o Retiro pra ata-

llar, depercateime de todo e ainda que a cabeza me doña de dema boteime á rir coma un neno, non sen que o chofer voltara contra mí a faciana chea de risa moi galega.

Cando parou espeteille:

—Xuro que tí és de Nogueira de Ramuín,

D'ista vez xa non riu. Espaventou os ollos moi admirado e tateou:

—E ¿en que mo conoceu vostede?

—Ai, iso non cho pudo dicir agora que estou de moita presa. Toma unha boa propina e cala.

E pasaba e repasaba as pesetas sen deixar de me seguir cos ollos.

Poucas horas no expreso e xa me tés en Barcelona a gran cibdá catalá. Nunca vou ali sen anotar un pulo baril cara ó progreso. E non sallo sen fonda admiración pra esa raza irmá que traballa. Canto temos de aprender os galegos dos catalás! Pirmeiramente iles teñen xa unha gran cibdá que ven a sere o crisol unificador de todal-as actividáis e tamén o selo da persoalidade. Galiza ainda non tén unha gran cibdá, nin tampouco unha literatura coma a que se amostra eiquí nas librerías que berra e debátese por conquistar mais alá das fronteiras. Temos sona de solidarios e práuticos os galegos e iso é verdade cando nos atopamos fora da terra, pro n'ela somos o pobo mais feramente individualista que conozo.

Barcelona é unha das tres pelras que forman o colar mediterráneo e das tres penso que é a de mais prezo. A Hespánia debe facer por lucila ben na sua coroa.

Dispois de nos deter un pouco en Marsella, onde coma en Dinamarca hai moita morolla que cheira á podre, abrese ante nós o cosmorama da Costa Azul. O tren tece e

destece co mar unha contradanza chea de elegante beleza. De cando en cando fai un respiro nas estazós.

Alá se queda erguida no cumbe tal que unha esenza inmorredoira a santa imaxe de *Notre-Dame-de-la-Garde* que paresce nos dar o xadeus!

A primeira vegada que pasei por elíquio quedei parvo, non das bellezas con ser moitas, senón do que pode a literatura. Non hei negar os encantamentos que se amostran soerguidos pol-a mau do home, pro quero que me digas pol-a mai que te pariu: os que temos ben esculcadas as nosas rias e coneccemos todolos recantos enfeitizados da nosa terra, o crima, os pazos, os mosteiros en ruínas quedáremosnos co-a boca aberta elíquio. A nosa terra cómprelle unha boa inieuación de literatura (falo no senso turístico que pol-o demais aborrezo d'ela).

Niza, Mónaco, Mentón, San Remo... van pasando ante nós afermosadas co-a fermosura das donas parisiens, con moito rincón, con moito carmín, locindo os derradeiros modelos que en todolos ordes impón a moda.

Chegamos a Xénova ben entrada a noite. A cibdá dos pazos de mármore, argulosa do seu porto e do seu cimenterio, garda pra mí non sei que cousa simpática. Porque non é o cimenterio que por tres ou catro vegadas visitei pra ver de se me convencia e non me convenceu, somellándome cousa de novos

ricos (canto mais val e can aprofundamente fala ó curazón o homildoso de Pisa, berce do renacemento italián): nin é o porto con ser baril; nin os moimentos con ser de tan rexo entronque histórico: é algo que se respira no ar, impalpable, ingravado coma a alma dos individuos que non se vê e está toda en todas e cada unha das suas partes, matizando co-a vida o supremo feitizo dos seres.

Pol-a mañán despertoome unha música marcial. Asómome á fenestra e vexo un fato de rapaces co-a brusa moura e o puchu feixista marcando un paso militar. Dispois vexo outros e outros... Son os *ballillas* que os veredes hoxe en todalas cidades de Italia. O ano vintecinco eu non vira tal cousa. Pro agora noto un ambiente callado de militarismo, de imperialismo, que me pón medo. Relémbrrome que d'aquela un *camicia nera* me dixo: nós pirmeiramente tiñamos paus cos que defendernos, hoxe temos pitolas, mañán hemos ter fusiles, ametralladoras, aeropláns...

Ó lonxe ouvense ainda as notas algueireiras do hino que paresce desafiar á un:

Giovinezza, giovinezza,  
Primavera di bellezza,  
N'il fascismo è la salvezza  
De la nostra libertá...

A. GÓMEZ LEDO.

## CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZON DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

### CONSIDERAZÓNS ARQUEOLÓXICAS

**CANTIDADE DE CASTROS.**—A densidade castrexia da terra de Celanova é flebe. No val de Vilamarín, pais tamén típico de meia montaña, rexistráronse once castros,

nos termos de trece freguesías (1) e na bisbarra agora catalogada non alcontramos

(1) Véxase o 1.º fascículo de iste Catálogo.

mais que dazaseis espallados nas xurisdicxóns de corenta e duas parroquias. Esprica quizais iste feito a natureza vizosa e rica do outo val do Barbantiño, terra de chans lentreos e abondosa en pastos e a maior probenza do val medio da Arnoia, mais fragoso, mais seco e con correntes de auga á camiñar de cote no fondo de estreitas quebradas, debéndose notar á iste respecto, que na freguesia de Espiñoso, moi poboada e rica na actualidade, érguense tres castros; os de Vimieiros, Rodeliña e Outeiro de Pazos, circunstancia verdadeiramente notabre e que en poucas ocasións se repite.

Coidamos pol-o tanto, que os factores económicos teñen na distribución xeográfica dos castros unha decisiva importancia que seguramente patentizará a intensificación dos traballos catalogadores, amostrando que a densidade castrexia aumenta en razón directa da fertilidade e boas condicións pr'a vida de cada territorio.

O de Celanova, sen ser probe na sua totalidade, abrangue no seu borde setentrional rexións emparentadas cas dos cotos do val do Miño, que deben hoxe a sua relativa prosperidade á un cultivo compretamente histórico na Galicia, como é o da vide, e no nacente e sobor de todo no sul, alcóntrase flanqueado por fortes erguementos monteiros, onde a poboazón nunca debeu ser meseta, abondando ó noso xuízo a menzón de todas estas particularidades, pra espicar o excesivo espallamento dos castros na terra obxeto de iste fascículo.

**EMPRAZAMENTOS.**—Son os normales e correntes en todolos países onde existen acrópoles protohistóricas. Quer decir, que as de Celanova, érguense de cote no cumbe de montes ou monticelos de altor variábre, mais escolleitos pol-o xeral entre aquiles que presentan abas mais pinas e mais ceibes dos debalos de outros montes.

Non parecen ter sido preferidos os cumes de cotas fortes, pois soio tres castros, os de Trelle, San Marcos e Furriolo están postos nos soás prominentes das divisorias de augas; os dous primeiros na do Miño ca Arnoia e o terceiro na de iste río co Limia, i-en cumes que atinguen respectivamente, 600, 570 e 750 metros sobor da xorfa do mar.

As restantes estazóns rexistradas, construíronse en outeiros de cota flebe anque de encostas pinas e sempre perto de torróns furentos ou pol-o menos de boa produción.

Un feito chocante na localización dos castros da terra de Celanova é o de apareceren sete de iles axuntados en dous fatos tan apreixados, que o camiño á percorrer entre os mais afastados de cada un, non chega a dous kilómetros. Forman o primeiro grupo os de San Marcos, Peneda da Lebre, Outeiro de Fontefria e a Rodela de Faramontaos que se situán ó redor de unha chán carapenta do monte de Paradela, e o segundo, os de Outeiro de Pazos, Outeiro de Vimieiros e Rodeliña, tan próximos istos dous, que os seus fondás case se tocan.

Temos que confesar que non alcontramos espricación satisfactoria pra tal fenómeno, e que soio unha serie de escavazóns metódicas, podería pôr en craro si se trata de castros habitados sucesivamente, ou de unha veciñanza circunstancial debida á unha federación ou alianza.

**FEITURA E GRANDOR.**—Compre similar n-iste apartado o tipo rectangular, pouco frecuente do Outeiro de Doniz ou Vimieiros. Costruído nun monte de cumbe arredondado e de forma idéntica ós da maoria da bisbarra, non se esprica que circunstanzas especiais do emprazamento, obrigarán a empregar unha feitura desusada. Quizais poida ista aportar en parte ó desexo de abranguer na liña de parapeto algunas penedías que por alí afroran, alcanzando regular outura, mais non coidamos ista razón, satisfactoria de abondo. Parécenos arriscado por outra parte atribuir a sua costrucción a unha raza distinta a que ergueu os demais castros. Pra ser o Outeiro de Vimieiros acampamento de tropas romanas, fallalle regularidade é fallalle a indicación das portas, sobrándolle en troques o antecastro e o foso esterior da banda do leste, nos que se conservou a traza curva acostumada nas estazóns castrexas galegas.

Queda pois aquí en pe un pequeno problema, pra cuia solución soio podemos apuntar o dato de que a xuntanza dos catro muros rectos, parece estar resolta pol-o sistema de recantos arredondados, que tanto se pro-



diga nas casas coadradadas e rectangulares das citanias.

Pol-o que toca á estensón das áreas fortificadas hai que sinalar o grandor considerábel do Castro de Trelle 212 X 170 metros, e a cativeza dos de Mourillós e da Rodeliña 65 X 35 e 40 X 34 metros, facendo notar tamén que o promeio das áreas dos outros castros catalogados é de 125 X 110 metros aproximadamente, e nidiamente maior qu'a rexistrada no Val de Vilamarín, que anda arredor dos 90 X 60 metros, feito que ven amosstrar que as colectividáis prerromanas da terra de Celanova eran numericamente mais fortes que as de aquela bisbarra.

**DEFENSAS.**—Os tres elementos defensivos dos castros galegos, terrapréns, valos ou parapetos e fosos, disponenese pol-o xeral nos de Celanova do xeito mais sinxelo. Os de Castromao, Rodeliña, Outeiro de San Marcos, Outeiro de Fontefría, Rodela, Berredo e Mourillós, presentan soio a prataforma do remate cinguida por un terrapré, que a maior parte das veces está craramente amparado por un muro de cachote en seco. O foso que debía precedelo e os valos que de seguro o continuaban, atópanse case sempre cegados e derrubados, non podéndose rastrexar os seus vestixios mais que na Rodeliña, na Rodela, no de Fontefría e no de Berredo.

Dentro asimesmo dos castros de un soio recinto, o Outeiro de Pazos, diferenzase dos devanditos por ter o seu sistema defensivo, disposto na forma especial que chaman os franceses de *eperon barré*, forma moi pouco abundosa na Galicia, e da que se alcontra en troques abastanza na terra zamorán de Aliste (1), espricándose a rareza do caso, pol-o emprazamento da acrópole, posto no cabio de unha soa montesia, de abas pinas e soio acesibre pol-a banda do leste, que foi a que se cortou c-un forte muro e un ancho foso, quedando o demais do perímetro protexido pol-a sua fortaleza natural e quizais por unha cerca da que non podemos dixer a traza.

De pranta mais complicada son os Cas-

tros de Vimieiros, Furriolo e Ourille, que ostentan a prolongación en antecastro, tan corrente sobor de todo nas bisbarras de Deza e Vilamarín. O de Vimieiros é tamén dino de ser notado particularmente por ser o único da terra de Celanova que presenta unha reduplicación de fosos, que se desenvolven da maneira que deixamos espicada na papeleta correspondente.

O Castro de Trelle e a Peneda da Lebre cas suas duas plataformas, do remate, unha e anelar a outra, entran por compreto dentro do tipo de dobre recinto, dos que hai fermosos exemplares na terra de Deza (Goiás, Don Ramiro) na de Caldelas (Castrilho da Cerca) e nas imediatas de Compostela (Castro de Figueiras).

**AS PORTAS.**—O estado de ruíña en que se alcontran os muros e os fosos dos castros celanovenses, partes do sistema defensivo onde con maior nitideza pode albiscarse o dispositivo das entradas, fai que non poidamos apuntar niste apartado ningún novo dato, decindo tan soio que nos terrapréns non observamos que poidera ser relazoadas devanditas entradas.

Insistiremos pol-o tanto nos puntos de vista espertos ó catalogar os castros do Val de Vilamarín, á prol da crenza de que os terrapréns debían estar atravesados por estreitos pasadeiros ou escalaeras (semellantes a unha descuberta na citania do monte de Santa Trega) e hoxe seguramente acochadas polos materiais desprendidos do parapeto e do mesmo terrapré.

**O ABASTECIMENTO DE AUGAS.**—Nada ollamos nos castros catalogados, que se imite á fonte, puzo nin reservoiro de augas. Dous de iles o Outeiro de Pazos e o de Ourille alcóntranse situados respectivamente en col mesmo dos ríos da Arnoia e do Sorga, cujas correntes poderian fornecerlle seguramente auga de abondo en días de paz, mais tal abastecimento coidamos que doadamente había ser estorbado ou impedido por unha tropa sitiadora que tal cousa se propuxera.

**AS HABITAZÓNS.**—De todos os castros de ista terra somente en dous se atoparon restos de casarellas de pedra. Son istos; o de Berredo, que ten no medio da área fortifica-

(1) Vex. Gómez Moreno - *Catálogo Monumental de España, Provincia de Zamora*.

da, moreas de cachote e o do Outeiro de Pazos, onde os alicerces andan á fartura.

Apesares de elo non nos atrevemos a incluir ningún dos dous no número das cidades, pois os cachotes do Castro de Berredo están soio no centro da prataforma e á beira dos muros do parapeto e por contra os alicerces das casas non o froran por ningures i-en canto ó Outeiro de Pazos, cas suas casopas, ó parecer de pranta rectangular estesas non somente na superficie fortificada, senón tamén, e por certo en grande cantidade, na caída do monte cara a Arnoia, fan matinar millor n-un poboado romano desenvolto n-unha acrópole preromana, que n-unha pequena cidade indíxena.

**OS OBXETOS ASOELLADOS.**—Son istes as cerámicas e o machado do Castromao, e as tégulas descubertas ó pé da coroa de iste castro e nos de Ourille, Outeiro de Pazos e Vimieiros.

As cerámicas do Castromao, pol-o seu perfil, pol-a pasta, pol-o grosso dos testos e pol-a fabricación á man paralelizanse doadamente con outros restos de grandes vasixas castrexas, principalmente cas descubertas na cidadia de San Cibrán das Lás, tan imitantes ás que nos ocupan, que semellan saídas do mesmo taller de oleiro.

En canto ó machado que pol-a sua pequenez e disposición dos gumes mais parece arma guindadeira que instrumento de traballo, atravemonos á crasificalo entre as *caiteas*, armas célticas, das que apareceu un esemprar probabre en Trofa (Mondariz) (1), que se alcontran nas culturas do ferro das estazóns de Ornavasso e de Sanct-Michael (Carniola) e das que falaron Servius (Ad Aeneida, VII, 741) e San Isidoro (Origenes XVIII, 7).

En resumo o mesmo material posthallstattico misturado mais ou menos de elementos romanos peculiar da civilización dos castros.

**OS CASTROS SIN VESTIXIOS DE FORTIFICACIÓN VISIBRES.**—Son tres, coma xa queda espoto; o monte do Castro,

o Outeiro de Rubiós e o Castrillón, que prantean un problema intresante e de resolución pouco doada cos datos fornecidos por unha sinxela proinspección dos lugares.

Pol-o que toca ó monte do Castro e ó Outeiro de Rubiós, non coidamos imposible que con algúns lixeiros traballos de esprazón se chegaran a descobrir os alicerces das suas murallas, mais o caso é por completo distinto no Castrillón, monticelo remexido fondamente polos pedreiros, e onde non apareceu ren que teña relación ca arqueología. Á qué deberá o seu nome? Á semellanza da sua forma natural ca forma dos castros verdadeiros? Poderá ser, anque a existencia da antiga capela derrubada, que mencionamos na papeleta, non deixe un campo pra matinar n-un vello culto ali localizado e cuia lembranza fuxiu a restoras ata das zonas, tan grandemente conservadoras, do folclore.

**A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS.**—A terra de Celanova é na actualidade moi probe en mámoas non podéndose sinalar outros grupos de elas, que os do Vieiro (1) e os do monte de San Cibrao (2), postos na divisoria da Arnoia co Limia e bastante alonxados das acrópoles castrexas.

No onomástico alcontrámos somente o lugar da Medorra, situado ó pé do Monte do Castro. Da mámoa ou medorra pareceunmos albiscar algún vestixio n-un souto proximo ó lugarcío de tal nome.

E compre que agora nós fixemos no feito de apareceren obxetos de procedenza romana nas proximidades ou nos mesmos castros obxeto de iste estudio. Olláronse, en efecto tégulas, ó pé da croa do Castromao e do Outeiro de San Marcos e dentro das áreas fortificadas dos Outeiros de Pazos e de Vimieiros e do Castro de Ourille; non lonxe do Castro de Trelle asoelláronse restos de unha villa romana, consistente en tubos de barro pra condución de augas, e por derradeiro, a

(1) Díaz Sanjurjo-Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino, B. C. M. O. vol., II e III.

(2) Arturo Vázquez Núñez, Estudios protohistóricos. Las mámoas, B. C. M. O. vol., I, páx. 334, 1994 e F. L. Cuevillas, As mámoas do Concello de Rairiz, B. R. A. G. número 178, 1995.

(1) L. Pericot e I. Parga Ponda - Castros de los alrededores de Mondariz - Balneario, La Temporada, de 29 de Santiago de 1928.

uns cinquenta metros de Castromao atopouse un miliario de M. Aurelio Carino que foi rexistrado por Vázquez Núñez co número 34, entre os epígrafes da sua cráis (1). Iste miliario non é o único que avencía os castros celanovenses e asin, en San Lourenzo de Cañón, por baixo do Outeiro de Rubiós sinalan Hübner e Vázquez Núñez (2) o achádegoo de outro adicado a Constancio II.

Convén advertir que toda ista bisbarra de Celanova está alonxada en mais de 20 kilómetros, nos lugares mais pretos, da vía 18 do Itinerario de Antonino a coal non poden pertencer en secuencia nin os miliarios devanditos, nin outro aparecido en Barxiña, (3) a 3 kilómetros do Outeiro de Pazos e a 4 do Monte de Castro e adicado ó emperador Caracalla. (4)

Pertencian en realidade estas pedras á unha via transversal, cuia esistentenza denunciou Vázquez Núñez (5) e que partindo da mansión de *Aquis Querquensis* (Porto Quintela) (6) seguía por Cadós, onde os fundamentos de unha ponte, un edículo posiblemente romano e a lápida *Medamus Arcisi. F.* (7) dan testimoño do seu paso, pra marchar despois por Cañón e por baixo de Castromao, á coller en Vilanova un trazado moi semellante ó que leva hoxe no *trozo* de Ourense á Celanova, a estrada de Portugal, traiecto, onde os achádegos de moedas e outros obxertos de época romana, son frecuentes. Dende Ourense, onde se alcontraron as lápidas números 25 27 e 25 26 do C. I. L., quizais seguiría á via pol-a beira esquerda do Miño, e non, pasado o Miño pol-o Val de Vilamarín, cara Lugo, como supuxeron Vázquez Núñez e

(1) Vázquez Núñez-Epigrafía Latina de la Provincia de Ourense, B. C. M. O. vol. III n.º 68.

(2) C. I. L. n.º 4892. V. N. op. cit. n.º 21.

(3) Foi iste miliario o que dix orixe á localización trabucada de *Cawca na Guita*.

(4) Hübner C. I. L. 4876 e 6225; V. N. op. cit. n.º 39.

(5) Op. cit., nos comentarios ó devandito miliario, B. C. N. O. vol. I n.º 8.

(6) F. L. Cuevillas, A mansión de *Aquis Querquensis*, revista NÓS 1924.

(7) Hübner C. I. L. 2230. V. N. n.º 4.

Díaz Sanxurxo (1) pois en abono de ista dirección non hai outro argumento que unha pedra cilíndrica e sen epígrafe, de Gustey e arriostrando aquela outra hipóteses están os epígrafes 16 e 20 de Vázquez Núñez, aparecidos respectivamente, nos lugares ribeiráns do Miño, de Reza e Alongos e os restos romanos atopados entre os lugares de Astariz e A Cavadiña i-en Troncoso (2) do Concello de Castrelo de Miño.

A esistencia de ista vía secundaria desprendida da 18 do Itinerario, abonda pra espicar os fenómenos de romanización que se observan nos Castros de Celanova.

Canto mais se observa e se descobre na arqueología galega, adquierece mais forte convencimento de que os elementos da cultura latina non mataron nin escriuiron os elementos indíxenas, se non que soio se misturaron co-elas en certa proporción de intensidade diversa. A misturanza foi mais forte, e con notable diferenza nas proximidades das vias, abondando pra amostral a distribución xeográfica da epigrafía, exceptuando de ela, como é natural as pedras miliarias.

Temos detallada esta distribución no anaco da antiga *Gallaecia* que hoxe abrange a provincia de Ourense e as resultanzas non poden falar mais outo á prol do noso parecer. De 46 epígrafes, á que ascenden os publicados; 29 están á menos de tres kilómetros da vía número 18 de Astorga a Braga, 2, a moi pouca distancia da fronteira portuguesa e do camiño que seguía a vía número 19; 3, nunha vía transversal que partía de Chaves, e Támega arriba, metiase no val de Monterrey, onde esisten dous miliarios que lle pertencian; 4, no anaco de Porto Quintela a Ourense, da vía que denantes nos ocupou; quedando soio 8, Fora dos roteiros itinerarios, e ainda algúns de iles (os de Vilaboa, Armea e Reze) alonxados menos de 5 kilómetros.

(1) Op. cit.

(2) B. C. M. O. Noticias, vol. I n.º 8, 1898.

Está á esgotarse a

## Historia Sintética de Galicia

por Ramón Villar Ponte.

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## RESPOSTAS A UN QUESTIONARIO

Freguesía de Riomuiños (Quintela de Leirado)

*A terra.*—Os montes especiales son: serra de Silva e serra de Coto da Moura, ó N., e ó S. serra de Penagache que limita con Crasto, portugués, e particulares: o Castelo, Capón, Carbaliño, Penascal, Coto-chairo, Outeiro-sobreiro, Pedra, Feal, Gondomar, Eixeiras, Cortiñagrande, Val, Anduriñeira e Maravillas.

O río que pasa por iste pobo chámase río de San Francisco e hai outro imediatamente da alcaldía que se chama río das Augas Santas, que nace no pobo de Bangueses, concello da Verea, e pasa por Pontedeba, levando as suas augas ó Miño.

Os nomes mais correntes das fincas son: a Fonte, Chaira, Pozo, Cotiño, Veiradorio, Penelas, Veiga, Redondelo, Sobreira, Calzadas, Longas, Castiñeiras, Trigueiras, Lamas, Barreiro, Adepedra, Rubial, Cubiliño e Molar.

Os pobos da freguesía son: Beade, Pereiras, Outeiriño, Atrio, Souto, Río arriba, Río abajo, Alcouce, Outeiro, Corredoira, Portela, Reguengo e Cimadevila, total trece cuns 157 veciños. Dín qu'istes nomes veñen dos romanos.

No resto do concello hai duas parroquias más: Leirado e Quintela. Leirado ten dazas seis pobos, que son: Agualevada, Costa, Labandeira, Forxán, Ateinde, Val, Tornadouro, Pousa, Leirado, Fondós, Cabanelas, Fraguas, Xacebás, Mociños, Campo-Real e Chedas. Quintela é pobo e parroquia.

*A xente.*—A istes pobos dícese que os primeiros poboadores foron romanos e drabes. Xacebás que ven d'uns primeiros po-

boadores que viñeron de Castro Leboreiro (Portugal).

Son d'estatura variada, a mór parte color trigueño e os demás, branco. As doenças más correntes catarros, neuralgias, reuma, tifos e outras.

Os nomes más correntes son Pepes e Antonios, e algúns más distinguidos son Argentino e Marina. Apelidos de mór número son Alvarez, Fernández e Alonso. Alcumes: Se tecabezas, Mongán, Morgados, Escopetilla, Pallares, Barqueiros, Merante, Bichos, etc.

*Tradicións históricas.*—Dín que n'esta freguesía viviron os mouros, n'un punto chamado *Burato da Moura*, o qual ainda hai un burato que naide s'estreve a entrar, e ainda hai restos de ósos do tempo en que viviron.

Os calristas dín que pelexaron no ano 1870 ó 76, tendo graves combates n'esta zona.

*Fala e literatura popular.*—Fálase completamente galego, anque diferentes articulacións na mór parte dos pobos, principalmente os que lindan coa raya portuguesa que se mete o portugués.

Frases especiais son: «Deixa andar o cán coa roca—que él ha dar conta da mazaroca», —«Tocante a lástimas, vaya por Dios».

*Refrás:* Rubiéns á mar, vellas a soallar Rubiéns ó nacente, chuvia de repente.

Xiada na lama, chuvia na cama.

Cuando la perdiz canta, nublado viene; no hay mejor señal que cuando llueve.

Cuando a neve pasa ó outro lado do Miño, e bó ano de pan e de viño.

A chuvia no mes de San Juan, tolle viño e non dá pan.

*Cousas que lle dín ás mozas.*—Se eu fora o carro que te leva a tí á misa!—Se fora eu o galo que canta no teu poleiro!—Se eu fora o espello onde tí te miras todolos días!—Se eu fora o lume de donde tú te quentas!

*Outros ditos.*—Cando hai unha porfía, dícese: «O santo que sea, ora pro nobis».

*Cántigas e coplas.*—Veleiqui algunas.

Algún dia eran tus ojos  
los que a mi me daban pena  
y ahora no son los tuyos  
que son los de otra morena.

—  
Eu ben che dixen, minifia,  
eu ben te desenganei,  
ahora que estás casada,  
minifia, que che farei.

—  
O gueiteiro da Gudiña  
e mais o de tirolá,  
encontreinos no camiño  
tumba eiñu e tumba acolá

—  
Algún día me decías  
que te tenía cariño  
y ahora me dirás  
que te lo llevo perdido.

—  
Carrito de siete ruedas  
que ruedas por los tejados,  
despierta niña si duermes  
no tengas sueños pesados.

—  
Heiche de tocar as conchas  
miña carrapucheiriña,  
heiche de tocar as conchas  
unha noite na cocíña.

—  
Si me quieres dar la muerte  
olvidame, prenda mia  
no hay cuchillo mas fuerte  
para quitarme la vida.

*Costumes. Comidas.*—Comida diaria, caldo galego composto de verdura, patacas, fabas, auga, fariña milla con carne de porco e unto, e pan feito na casa de fariña milla

e de centeo, e outras veces de nabo e outras veces de nabiza e outras de castañas, entón chámase caldo blanco, con leite, e patacas con toucinho e pescado, e outras veces potaxe de fabas.

Nos días de festa: sopa de macarrón e fideu ou pan trigo, e cocido composto de xamón, carne de vaca ou boi, pita, repolo, garabanzos e chourizos. Carne branca mechada, asada, bistés, caza de ríos e montes, cabrito asado, etc. Postres asegún o tempo: frutas de colleita, dulces feitos na casa e bebidas de todas clases, esto os mais podentes; os de mediana clase e pequena, con carnes de porco, cabra, castrón e año (os mais rayanos).

*Vestidos.*—Os antigos, pra festas, os homes monteira, chaqueta redonda, calzón, media e chancos ou sexa zapato. Pr'o campo, gorra de lá, chaqueta de lá con pantalón d'estopa, chaleque do mesmo, todo tecido na casa.—As mulleres pano encarnado á cabeza, dengues a capricho, uns encarnados e outros negros e chancos, e nas festas, zapatitos, mantilla ou mantillón ordinario. Despois foise trasformando o uso da roupa asegún a moda, e hoxe vístese con pouca difrenza da vila.

*Roupa da cama.*—Tarima lisa de castaño, con xergón d'estopa da casa, cheos uns con palla centea e outros con folla de millo (*Fo-Bello*), sábenas d'estopa, abajo e arriba, todo da casa e un cobertor de lá por arriba con duas ou tres mantas de farrapos tecidas na casa, e as almohadas tamén d'estopa, cheas de palla ou folla. Esto no século pasado. Hoxe modificouse a situación e o capricho e xa os mais teñen xergós de fio ou lenzo nos de menor escala, e nos demás, colchós de lá cobertos con sábenas e cobertos de comercio e colchas do cuesmo, almohadas de fio do comercio cheas de lá co-a sua funda adornada, e tarimas á moderna dibuxadas e pintadas.

*A casa.*—Todas de dous pisos, as más de mampostería ordinaria, e o resto de mampostería concertada, unhas oito de sillería, en toda a alcaldía. Mobles en xeral com'en casas de labradores. Os mobles antigos son: arcas de castaño pra gardal-a roupa, e tamén graos e pr'a custodia do servizo de

mesa. Hoxe xa eisisten en varias familias distinguidas, chineros, roperos, veladores, mesas de noite, lavabos, etc., así como servizo de mesa, porcelana, louza china, talavera, etc. Así como outras de barro castellán e galego, tamén antigamente usábase o servizo de mesa de madeira.

*Os costumes. Bailes.* A mocedá baila muñeira, jota, mazurca, valse, danza, pasodoble e outros,

*Ruadas.* Algunhas noites d'inverno hai fiadas onde se xunta a mocedá e fán festa con pandeiro, pandeireta, unha tixola e conchas, bailando todos un por un, coa dita música, e o que ten moza sentase á sua beira e parafean deica eso da unha da noite. Algún tempo había todal-as noites fiadeiro, usando a dita música, formando bailes púbricos nas cortes,

*Xogos.* Os nenos xogan ó canivá, escondeite e pita cega. Os grandes, brisca, tute, sete e media, monte, etc.

*Festas.*—N-esta parroquia hai a do patrón, San Salvador, o día 6 d'Agosto; Nosa Señora das Neves, o Santo Cristo, Corpus Christi; San Gosé e Ano Novo.

*Entroido.* Nalgúns pobos onde se poñen máscaras e revistense homes de mulleres e mulleres de homes, uns con gaita e outros con música, pasan os tres días moi divertidos, e faise *un vello de palla* e afórcano n-un arbre no derradeiro dia de festa,

*Semana Santa.* Hai os exercizos d'igrexa, como sempre sen procesión nin cosa dina de ser comunicada.

*San Xodón.* Hai unha festa imediata da Hermita, e na víspera, pola noite, faise ronda todal-os mozos con gaita e póñenlle ramos de froles ás mozas, cada un á sua, e sacan os carros das cortes e lévanse ond'o adro da eirexa pra qu'o outro día a xente que vai á misa os vexa e fanlle bulra ó dono,

*Difuntos.* Hai a procesión das ánimas en todal-as eirexas, cada un dá responsos polos seus, e dyense misas coma de costume.

*Natal.* Celébrase nas casas, e o 23 hai unha feira moi importante, que se chama feira de Gomesende, 4 kilómetros desviado de Riomaiños, na que van moitas mozas e

portuguesas e portuguesas e hai diversión coma n-unha romería.

*Vida espiritual. Relixión.*—San Salvador é abogoso no ouvir, San Antonio dos animales, e téñenlle gran devoción, San Roque pr'a peste, Iste n-iste pobo; nos arredores, Santa Lucía pr'a vista, San Benito pr'a neuralxias e San Mauro pr'a reuma. Tamén van ofrecidos ó San Félix e Nosa Señora da Peneda, que son en Portugal, a segunda c'unha festa moi importante, a dificuldade é pola distancia, que non hai comunicación ningunha,

*Romaxes.* Por eiqui perto hai tamén Santa Madalena, Nosa Señora do Mundil, San Bertolomé, O Cristal e Nosa Señora da Guía,

*Cofradías.* Das Ánimas, San Gosé, O Carme e o Santo Cristo,

*Supersticiós. Compañía.*—Dín que s'aparecen os difuntos, e que hai a procesión das ánimas, e que hai eiqui un veciño que ten tal cárrego, e fai adeviñanzas, porque cuando morre algún, xa íse señor o anuncio anticipado tres ou catro días,

*Pauto co demo.* Tamén dín que hai persoas que teñen pauto co demo, como son as que manexan as cartas, e a xente vai onde elas saber a verdá por calquera diferencia, un pequeno roubo, unha duda calquera, e eiqui perto vive unha señora que varias veces non s'equivoca á pregunta feita,

*Endiañados.* N-outro tempo ten habido algúns, e fanlle bendicíos en puntos determinados, e ás veces soñen dar co remedio propio,

*Bruxas, etc.* As mulleres adoitan chamárense bruxas ás outras, anque non se ten dado o caso de poderen probar os feitos. *Sabias* chaman ás que manexan as cartas.

*Mal de olllo.* Tamén hai en varias persoas a creenza, anque son poucas, mais n-iste país non hai persoa ningunha que *manatice...*

*Mouras encantados.* Ainda hai rumores dos que vivian no século pasado, que aprecian de cando en cando os mouros qu'estaban encantados n-un punto chamado Castelo, no término d'esta freguesia. Hoxe xa non eisiste tal creenza. Tamén hai a de que hai tesouros ocultos e que pra desencanta-

Ios hai que valerse d'un libro que se titula *Cipriánillo*, e téñense dado casos de facer excavacíos sen que deran resultado.

*Cencia popular. Predición do tempo.*—Sinal de cambio de tempo, cando se lavan os gatos e se catan as pitas, e rubiéns ó nacente, esto pra chover. Pra vir vento forte, canda leña se queima con moita forza que parez a fragua d'un ferreiro. Pra vir sol e tempo craro, cando ven aire N e no W non queda ningunha nube ó pórse o sol.

*Remedios pr'as doenças.* Os mais usados, malvarisco, romero, cuentrillo, violeta, mallas, ruda, conseulos, dormideiras, liñaza, etc.

*Arte popular.* Na freguesia de Riomuños hai dous cruceiros, un no pobo de Souto e outro no d'Outeiro, e dous petos das ánimas. No resto do concello, hai uns sete cruceiros, e en Leirado, sete nichos.

17.12.1926.

ISIDORO ROJO FERNÁNDEZ.

### UNHA PANXOLIÑA

Ainda está ben vivo por fertuna na nosa Terra o costume da *panxoliña* nos días ledos de Nadal. Fatos de rapaces percorren as casas coñecidas cantando vilancicos ó compás das frautas, pandeiros e birinsbaos. Menos doado é que persoas xa maiores teñan ó seu cárrego serenatas semellantes ainda que non sexa a cousa inusitada en certas aldeas nas que os ousequiados é costume que os agasallen con algúns piscolabis. Na cidade cantan no portal si é que non teñen licenza pra facelo no interior. Pol-o común istes cantores son improvisados e sin concerto previo, anque tamén se den casos de orfeóns co debido ensaio.

A música é eminentemente popular e bastante carakterística. Algunha vez foi publicada, pro moitas variantas ameazan con se perder por negrixenza dos folkloristas.

Tamén é ben variada a letra producto de unha musa de infantil inxenuidade.

De entre as que teño na miña coleizón, todas casteláns ou bilingües, escolló a que vai seguidamente pol-a sua curiosidade e

por hacharse escrita en idioma galego. Foi recollida en terras de Melide.

Dí eisi:

Xente nobre somos  
estes que eiqui vimos,  
si nos dan licencia  
os Reis lles pedimos.  
Xente nobre somos  
os que eiqui chegamos  
si nos dan licencia  
os Reis lles cantamos,  
que é descortesia  
e desobedencia  
en casa tan nobre  
cantar sin licencia.

—  
¿Quen vai de camiño  
en noite tan mala?  
Son un probe vello  
e traio en compañía  
unha linda moza  
doncela e preñada.  
Pra Belén andaron  
en longa xornada,  
olleunos a noite  
na cidade santa;  
todo estaba escuro,  
a porta pechada;  
n-ela peta o vello  
con homilde gracia;  
responden de drento  
que era o que buscaban.

—«Buscamos auxilio  
si nos dan pousada.»  
Responde unha velta:  
—«Vaian noramala.»  
—«Ábranos, señora,  
señora cristiana...!»  
—«Non damos auxilio,  
busquen outra casa.»  
—«Teña caridade,  
mire esta rapaza...»  
Entón dixo a Virxen:  
—«Cala, José, cala,  
sigue, non te afrixas  
por esa mundana  
que no ventre levo  
quen nos remediara.»

Seguiron adiante.  
A Virxen trembaba;  
n-un portal atopan  
abrigo entre pallas.  
Aló a media noite  
pare a Virxen Santa,  
naceu o Meniño  
os galos cantaban.  
Chegan os pastores  
con manteiga branca  
cargados con ovos  
e pandeiro e gaita.  
Todos venían ledos  
pra facer foliada  
que hoxe é o Nadale,

naceu o Neno-Dios,  
denol-o aguinalado  
e queden adios.

Como pode ollarse, a peza consta de tres partes: unha introdución é un pé circunstanciales e un anaco de romance. Iste supón sexa traducido de algúns testos castelán pois coñezo varios parecidos que son igualmente populares na nosa Terra.

A pequena función remata con un «ritornello» musical e ás veces con un bailío breve, trasunto de muñeira.

Compostela, 1928.

ARMANDO COTARELO.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

BLANCO AMOR

**A**CHASE en Galiza o noso querido amigo e colaborador, o poeta ourensán Eduardo Blanco Amor. Os leitores de NÓS e os moi-tismos leitores que ten en Galiza a valente e



fermosa *Céltiga* de Bós Aires, coñecen ben o nome e os escritos d'un traballador dos mais serios e bariles con qu'o galeguismo conta na Arxentina. Ven encarregado por un gran xornal d'álá pr'escribir en col de Galiza.

Blanco Amor está unido ós redautores de NÓS por unha vella amistade, e antre o NÓS e *Céltiga* hai unha cumprida intelixenza e fraternidade. Blanco Amor é ademais un dos valores mais positivos da mocedade galega de hoxe e un dos que teñen feito moito pol-a nosa renacencia. NÓS plazse moito en saudar eíqui ó distinto colaborador e querido amigo, e en abrazar n'il ós irmans da Arxentina.

### L I B R O S

O GALO, por Luis AMADO CARBALLO,  
Cruña, NÓS, 1928.

**I**STE é o libro póstumo do poeta, editado primorosamente por NÓS—dende a edición de luxo de *Un ollo de vidro* do Castelao, feita por *Céltiga* do Ferrol, se non volverá presentar unha tan feita coma esta—coa axuda dos amigos e admiradores d'Amado Carballo. Leva un prólogo de Outeiro

Espasandin, cheo da saudade do poeta mozo, morto ós vinteseis anos, dita en prosa sinxela e enternecedora.

Amado Carballo (non sei que teñen os versos dos poetas mortos nas portas da vida) era cecais o mais galego dos poetas novos. Cecais pol-a sua mocedad, puido recoller moi pura a emoción da vida, e expresala en forma sinxela, dando a sensación limpia e integra. D'este xeito, é como a descuberta d'un mundo novo. Cecais pra todo verdadeiro poeta acontezan as cousas d'esta sorte. Pode que cada poeta sexa un descubridor ou un renovador do mundo.

Amado Carballo anova as cantigas do pobo, deitando nos seus metros sinxelos a mais nova sensibilidade e a mais nova maneira d'expresala; esa sorte d'imaxe que volve traguer á actualidade a aitividade mítica. Os dous procedementos casan moi ben, porque eran cousa n'il espontánea, crara e sin violenza ningunha, senon que lle saia asina. Ó menos é a impresión que dá: a de perfeita naturalidade.

Co-isto vése, que non pol-a preferenza dos nosos escritores d'agora pol-a prosa, decae nada a nosa lírica, na que seguimos dando cousas cheas de novedade e d'enxebrismo. *O Galo* ha ser un dos libros que mais outo a sostefan.

ONTES, por CORREA CALDERÓN,  
Lugo, Ronsel, 1928.

**O**UTRA mostra lírica é a *plaquette* de Correa Calderón, tan lírico il sempre, que é un lírico da prosa. Ainda aquí trunfan tamén as formas sinxelas da lírica popular: as quadras oitoslabas asonantadas das cantigas d'alalala. A lírica galega non quer abandonar —quitando os intentos de Manoel Antonio e Outeiro Espasandin— o elemento musical das verbas. E fai ben, porque a lírica nova en toda á parte anda á regresar á métrica e á rima á toda presa. E no Correa Calderón ainda hai mais: hai romanticismo, e poesía narrativa (*O romanciuño da rosa*, *O miragre de Raimundo de Penafort*) e descriptiva (*Flandón*). E non lle vai mal.

ROMANCES GALEGOS, por EDUARDO BLANCO AMOR, Buenos Aires, Céltiga, 1928.

**U**n dos mais puros líricos do instante presente é Eduardo Blanco Amor, embora, a diferenza dos dous enriba citados, tire un pouco mais ás formas aristocráticas da poesía cortesán, coma Bouza Brey. Iste *Romances galegos*, que tran na capa coma símbolo un cego c'un violín, non todos son nin moi menos de xograr ciscado pol-as ruas. Soan n'iles lembranzas que indican un longo trato coas literaturas, e vése tamén o home que—moi novo d'aquela—inicouse nos derradeiros lóstregos do simbolismo. Ainda trai—coma por outra banda muitos dos poetas novos da Europa—un eco d'aquel tempo, moi anovado, mais sostendo ainda con fonduras de sentimento e adevidade o pulo lírico que non se contenta con calquera cousa.

Sobresai, cecais, Blanco Amor, nos poemas breves de moiho espírito, e ademais vese que pra il a poesía non é un xogo, embora algunas vegadas queira parecelo. Saise de moi fondo, e obedece a unha necesidade.

No libro hai cousas de muitos tempos e de moi diferente caraute. É por iso un libro variado e de fondo intrés psicolóxico. A versificación é tamén variada, rica e abelenciosa, con mestranza e dominio do idioma.

DICCIONARIO GALEGO-CASTELÁN  
por LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS,  
Cruña, Lar, 1928.

**P**UBRÍCOUSE o primeiro volume d'iste diccionario manual, obra do distinto literato e gran traballador Leandro Carré. Contén este volume das letras A a D incursive, e resume todo o que se ten feito ata o dia e engade novas verbas e acepcións. É unha obra d'utilidade e destinada ó gran público; non é un diccionario d'autoridades, com' o da Academia Galega, nin unha verdadeira enciclopedia de cousas de Galiza, com' o que se vai principiar, d'Eladio Rodríguez González, nin unha obra científica. Pro é moiho mais que ningún dos diccionarios compertos que se levan publicado, e que ata d'ago-

ra, mais ben foron vocabularios estesos que non diccionarios propriamente ditos. Ven encher unha necesidade que se faguía sentir fondamente, e está por elo chamado a ter un grande éxito.

### UNHA NOVA COLABORAZÓN

#### A EIREXA DE SANTA EUFEMIA D'AMBÍA

**H**ÓNRASE hoxe NÓS co-a pubricazón d'iste traballo debido á douta penna do emi-

nente arqueólogo e profesor da Universidade de Madrid, D. Manuel Gómez Moreno, cuia autoridade n-istes estudos é ben coñecida, e que hay tempo adica a sua atenzón ós moimentos e antiguidades da nosa Terra, e ven hoxe colaborar conosco. Dáse n-il notiza d'unha das mais intresantes eirixas pre-románicas de Galiza, e que ata o ano derradeiro ficara por completo desapercibida. NÓS comprácese moito en faguer coñecer do público iste moimento e en recibir a colaboración do ilustre mestre.



CRUCIFIXO GÓTICO DE SANTA EUFEMIA D'AMBÍA



## UN GALEGO NA FRORIDA

(NOTA PRESENTADA Ó SEMINARIO DE E. GALEGOS  
DE SANT-IAGO DE COMPOSTELA.)

O célebre historiador Antón de Herrera na sua tan soada crónica *Historia general de los hechos de los castellanos en las Iotas y Tierra firme del mar Océano*, adica grande parte da séptima «década» a refendar as arriscadas aventuras do adiantado Hernando de Soto por terras da Frorida. En chegando a referir a morte do caudillo—21 de Maio de 1542—nomea eisi o capído IV do libro VII: «De lo que sucedió a los soldados de la Florida después de la muerte de su general Hernando de Soto»; e n'este capído pódese leer o seguinte relato que fai conta recoller por se tratar de un galego e pol-as intresantes novas nél consinadas.

A edición que sigo é a emprentada en Madrid, oficina real de Nicolás Rodríguez Franco, 1726, en folio, pág. 135, da espre-sada década.

Di, pois, o cronista de Illescas que tendo determinado os xa descorazoados esproradores de abandoar a ingrata terra dos Vaqueros e salir ó mar, foron molestados polos indios «y cargándolos—espón—al paso de un arroyo, hirieron a un soldado llamado Sanjurjo, gallego, y pasando unos calzones de malla, le atravesaron el muslo de recho, y pasando la flecha las tejuelas y bastos de la silla, llegó a herir el caballo con dos dedos de flecha, que era de las comunes que los indios hacen de carrizo, con la misma punta de la caña cortada al sesgo y tostada al fuego».

Con moita razón pon Herrera ista apostela ó marxe: «Golpe de flecha nunca visto».

«Alzaron de la silla al soldado—segue escribindo—y por entre ella y el muslo le cortaron la flecha y le dejaron a beneficio de su cura, que con aceite, lana y ensalmo había hecho muchas admirables en esta jornada. Y después que se perdió el aceite en la batalla de Mavila no había curado ni a sí mismo aunque había tenido dos heridas creyendo que la cura no era provechosa sin aceite y lana sucia. Viéndose, pues, en tanto trabajo, por haber jurado de no llamar al cirujano aunque se muriese por no sufrir la残酷 de sus manos, en lugar de aceite tomó unto de puerco y de la lana hilada de una manta vieja de indios, porque ya no había entre los castellanos camisa ni cosa de lienzo, y al cuarto día estuvo sano y al quinto subió en su caballo, pidiendo a todos perdón por no haber curado dejando perecer a muchos, creyendo que la cura consistía en la lana y el aceite, y que pues veía que estaba en las palabras de Dios, dijo que fuesen a él que las enseñaría a todos. Era este hombre casto, buen cristiano, temeroso de Dios, gran ayudador de todos y curioso en otras tales virtudes».

Pol-a copia

ARMANDO COTARELO.

*Imp. NÓS, Real 36-1.º A Cruña*

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

# CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Vendese en todolos estabre-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

**Os Camiños da Vida**  
por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRÚRGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina** y **D. Antonio M. de la Riva**  
CIRUJNO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

# P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

## FOTOGRAVADO

Si quer qu-os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.  
Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa está a venda

# O PORCO DE PÉ (NOVELA)

por Vicente Risco.

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

**F. ROMAN e SACO**

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicíñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**



HELIOS



O Xabón da Toxa  
ademas de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro

*J. Castillo*

## "NÓS" recomienda....

### O GALO

por † Lois Amado Carballo 3'00 ptas.

### Margarida a da sorrisa d'aurora

por Evaristo Correa Calderón 0'50 ptas.

### De míñ pra vós

por † Ricardo Carballal 1'00 pta.

### CONTO DE GUERRA

por Camilo Díaz Baliño 2'00 ptas.

### A fiestra valdeira

por Rafael Dieste 2'50 ptas.

### ESTEBO

por Xosé Lesta Meis 3'50 ptas.

### Maria Rosa

por Gonzalo López Abente 1'20 ptas.

### De Catro a Catro

por Manuel Antonio 1'50 ptas.

### Como falan os brañegos

por Antón Noriega Varela 2'00 ptas.

### Os Señores da Terra

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

### A Maorazga

por Ramón Otero Pedrayo 2'00 ptas.

### O Estudante

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

### Dibuxos en Linoleum

por Xaime Prada 2'50 ptas.

### A tola de Sobrán

por Francisco Porto Rey 0'80 ptas.

### O Bufón d'El Rei

por Vicente Risco 0'80 ptas.

### O porco de pé

por Vicente Risco 3'00 ptas.

### Cantigas e verbas ao ar

por Xulio Sigüenza 2'00 ptas.

### Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte 3'00 ptas.

### HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por Ramón Villar Ponte 5'00 ptas.

### Doctrina Nazonalista

por Ramón Villar Ponte 2'50 ptas.

### Diccionario Galego-Castelán

... de ...

**D. Eladio Rodríguez González**

en cuadernos quincenales ao prezo d'unha peseta